

CONTRATACIÓN DE 1 AXENTE DE PROXECTOS DE SEGURIDADE	
13 DE FEBREIRO DE 2017	Ultimo día para aportar documentación para baremar.
15 DE FEBREIRO DE 2017 – 14.00 H.	Listado de admitidos e excluídos.
16 DE FEBREIRO DE 2017	Reclamación ao listado de admitidos e excluídos
17 DE FEBREIRO DE 2017 – 14.00 H.	Listado provisional
20 DE FEBREIRO DE 2017	Reclamación ao listado provisional
21 DE FEBREIRO DE 2017	Listado definitivo
	Data probable de contratación: 22/02/2017 Finalización do contrato: 31/12/2017 Tipo de xornada: Completa

1.- Documentación mínima que teñen que aportar para participar no proceso de selección:

(a non presentación desta documentación será causa de inadmisión ao proceso)

- Fotocopia do DNI.
- Declaración de veracidade.
- Titulación mínima exigida: Título de Bachelato, ou equivalente
- Curso de planes de emerxencia municipal: elaboración e implantación, ou equivalente
- Curso de deseño e implantación de planes de autoprotección en edificios e instalacións industriais

Ambos cursos deberán ser impartidos por algunha administración pública, universidade, INEM, Fundación tripartita para formación ou sindicatos. Non serán admitidos cursos impartidos por outras entidades.

2.- Documentación que poden aportar para acadar méritos:

- Experiencia profesional:
 - 1.- Por servizos prestados en calquera administración pública na mesma categoría a que se pretende acceder: 0,25 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).
 - 2.- Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).
- Minusvalidez do solicitante compatible co posto de traballo, igual ou superior ao 33% (1 punto)que se acreditará mediante certificado de grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
- Cursos de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación tripartita para formación ou sindicatos, e relacionado coas funcións propias da categoría:(máximo 3 puntos)

De 40 a 100 horas	0,10 puntos/curso
De 101 a 300 horas	0,40 puntos/curso
De 301 a 500 horas	0,60 puntos/curso
De 501 horas en adiante	1,00 puntos/curso

- Titulación académica distinta a solicitada como requisito imprescindible para o acceso (só se computará a titulación de máis nivel das alegadas):

Título de doutor/a	1,75 puntos
Título de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro	1,50 puntos
Título de enxeñeiro/a, técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a	1,25 puntos
Título de COU, Título de técnico especialista obtido en FP de 2º grado, Título de Bacharelato actual, Ciclo formativo de grado superior ou equivalente	0,75 puntos
Graduado en secundaria, 2º BUP superado, Título de técnico auxiliar obtido en 2º ano de FP de 1º grado, ciclo formativo de grado medio ou equivalente	0,50 puntos
Graduado escolar, 2º da ESO superado	0,25 puntos

- Coñecemento acreditado do idioma galego acreditado polos cursos e titulacions homologadas pola Xunta de Galiza.(só se valorará o grado superior alegado)

Iniciación	0,50 puntos
Perfeccionamento	0,75 puntos
Especialización	1,00 puntos